

Blanca-Ana Roig Rechou e Veljka Ruzicka Kenfel (eds.). 2014.
*The Representations of Spanish Civil War in European
 Children's Literature (1975-2008)*. Frankfurt am Main:
 Peter Lang Edition.
 Series Kinder- und Jugendkultur, -literatur und -medien, 87.
 303 pp.

A Guerra Civil española constitúe o tema máis recorrente da historiografía española e abundan as adaptacións ao cine e á literatura para adultos, non obstante, a súa presenza e tratamento na literatura infantil é menos frecuente. No presente volume colectivo, Blanca-Ana Roig Rechou e Veljka Ruzicka Kenfel ofrecen unha extensa análise das representacións deste conflito na literatura infantil europea desde 1975 ata 2008.

Composta por unha diversa colección de estudos, a obra iníciase cunha introdución na que as editoras Blanca-Ana Roig Rechou e Veljka Ruzicka Kenfel explican a concepción e o desenvolvemento do volume no marco do proxecto de investigación “A Guerra Civil Española na Literatura Europea (1975-2008)”, dando conta dos principais obxectivos do mesmo. Seguidamente, presentan os principais contidos do libro, que recolle a análise dunha recompilación de obras narrativas da literatura infantil e xuvenil europea sobre a Guerra Civil española coa finalidade de seleccionar un grupo de libros importantes á hora de estudar e comparar esta produción en termos cuantitativos. Por último, achegan unha enumeración dos títulos publicados nos diferentes períodos de tempo, desde 1940 ata o século XXI.

A continuación, o volume inclúe un estudo comparativo do corpus do proxecto, realizado por Mar Fernández Vázquez, que ofrece unha panorámica detallada e precisa da produción a través dunha táboa, facilitándolle ao

lector a orde cronolóxica das obras, así coma o número de autores e autoras dun período de tempo significativo. Esta achega complementábase cunha breve explicación da información e as conclusións sobre os xéneros, os personaxes e os espazos máis comúns das novelas sobre a Guerra Civil.

A seguinte sección do volume está integrada pola análise das obras recompiladas, que se presenta dividida en tres partes. A primeira parte contén oito estudos sobre a literatura infantil e xuvenil arredor da Guerra Civil nas literaturas galega, vasca, catalá e castelá; a segunda está composta por nove apartados que analizan esta produción nas demais literaturas europeas e a última parte inclúe un estudo dedicado á ilustración.

O primeiro estudo, titulado “Agustín Fernández Paz. A Tribute to the Memory of the Broken Dreams”, a cargo de Eulalia Agrelo Costas, ten como cerna o conto “As sombras do faro” e as obras *Noite de voraces sombras* e *Corredores de sombra*, que constitúen a chamada “Triloxía da memoria” ou “Ciclo das sombras”. Neste epígrafe a investigadora analiza cada unha das narracións, afondando no simbolismo e nos *leitmotivs* empregados polo autor, para tirar unhas sólidas conclusións comúns.

170

No segundo apartado, “The Reality of War”, Pedro C. Cerrillo Torremocha ofrece un estudo da obra *El fantasma anidó bajo el alero*, de Emilio Pascual. O especialista facilita o argumento da novela antes de analizar sucintamente a relevancia da literatura oral e de figuras como Ulysses, Zarathustra, Antonio Machado e Fray Luis de León na configuración da narración.

A terceira achega incluída nesta primeira parte, responsabilidade de M^a del Carmen Ferreira Boo e Isabel Mociño González, titúlase “The Representation of The Spanish Civil War in Marina Mayoral’s Juvenile Narrative Works”. Neste estudo, as investigadoras analizan detidamente as obras *Chámabase Luís*, *Tristes armas* e *Quen matou a Inmaculada de Silva?*, para concluír destacando os temas constantes en diferentes contextos e con distintos personaxes das mesmas.

No cuarto apartado, “*Cielo abajo*: The Civil War as Seen by an Adolescent”, Ramón F. Llorens García ofrece unha detida análise do proceso de madureza durante a Guerra Civil desenvolto por Fernando Marías na novela *Cielo abajo*. O especialista afonda no estudo da figura do protagonista, atendendo principalmente á súa traxectoria ideolóxica.

O estudo “Gernika Revisited: Representation of the Spanish Civil War in Basque Children’s and Young People’s Literature”, de Mari Jose Olaziregi Alustiza, ten como cerna os libros *Memorias de una vaca*, de Bernardo Atxaga e *Un año en el faro*, de Miren Agur Meabe. Despois dunha breve introdución sobre a literatura vasca e o tratamento tardío da Guerra Civil española na mesma, a investigadora leva a cabo unha análise individual das obras, de acordo coa súa estrutura de *bildungsroman* e de memoria da cultura censurada pola guerra respectivamente. Para concluír, Olaziregi destaca de forma breve e clara as similitudes entre ambas as dúas novelas.

O sexto apartado inclúe o estudo de Blanca-Ana Roig Rechou “*Aqueles anos do Moncho and the Early Years of the Story of the Civil War in Galician Children’s Literature*”. A especialista achega uns precisos apuntamentos sobre o marco histórico e literario no que aparece a novela e sobre a biografía do seu autor, Xosé Neira Vilas. A continuación, Roig presenta un detallado estudo da obra, tendo en conta paratextos e ilustracións, que se centra nas visións da emigración e da vida galegas, en relación coas novelas do mesmo autor *Memorias dun neno labrego* e *Cartas a Lelo*. Na conclusión, a investigadora apunta a publicación conxunta destas narracións formando a triloxía “*O ciclo do neno*”, orientada aos lectores máis novos, para defender axeitadamente a consideración da novela estudada coma unha obra de fronteira entre a Literatura Infantil e Xuvenil e a Literatura de adultos, tendo en conta que non foi concibida para o lectorado xuvenil.

O seguinte apartado, “The War as Depicted in the Works of Juan Farias: The Example of *Años difíciles*”, responsabilidade de César Sánchez Ortiz, comeza cunha presentación das novelas *Años difíciles*, *El barco de los peregrinos* e *El guardián del silencio*, que compoñen a triloxía *Media Tarde*, da autoría de Juan Farias. Despois de recoñecer o autor coma unha das figuras responsables da renovación da literatura infantil española, o investigador ofrece unha pormenorizada análise da obra *Años difíciles*, afondando no estudo do estilo narrativo. Ademais, Sánchez proporciona unha táboa coa descrición de cada personaxe para facilitar a comprensión da construción da novela, antes de rematar establecendo unha asociación entre o realismo da peza e unha chamada á paz.

O derradeiro estudo da primeira parte, “War and Post-War in Catalan Young Adults Narrative: Chronicles from the Silence”, realizado por Cateri-

na Valriu Llinàs, iníciase cunha análise histórica e literaria da literatura xuvenil catalá e da súa relación cos temas da Guerra Civil. A especialista presenta unha nidia introdución que se centra nos enfoques narrativos, as coordenadas espazotemporais, os personaxes e os paratextos das obras de estudo. A continuación, Valriu ofrece unha análise pormenorizada das novelas *Silenci al cor*, de Jaume Cela, *Camí del far*, de Miquel Rayó e *L'últim vaixell*, de Gemma Pascual. Despois de presentar cada obra, a especialista achega unha serie de conclusións comúns destacando a ausencia de intención didáctica e a posición ideolóxica homoxénea dos autores. Por último, a investigadora inclúe unha lista de novelas catalás sobre a Guerra Civil atendendo á súa cronoloxía.

A segunda parte desta sección do volume iníciase co estudo “German Children’s Literature on the Spanish Civil War: Works and Authors”, a cargo de María Jesús Barsanti Vigo e María José Corvo Sánchez. Tras unha breve presentación do tratamento literario da Guerra Civil española na literatura infantil e xuvenil alemá, as investigadoras analizan o desenvolvemento desta temática nunha produción que abrangue desde 1938 ata 2006. Por último, Barsanti e Corvo salientan os trazos unitarios das obras, destacando o realismo e a descrición da vida interna dos personaxes.

172

No seguinte apartado inclúese a achega de Francesca Blockeel, titulada “Els Pelgrom (The Netherlands): *De Eikelvreters – The Acorn Eaters*”. Despois dun sucinto percorrido histórico pola literatura infantil holandesa, a especialista achega unha sucinta biografía literaria de Els Pelgrom, pseudónimo da autora Else Koch, antes de afondar no estudo da súa obra *The Acorn Eaters*, atendendo ao xénero da novela, ao argumento, ao marco social no que se desenvolve e aos personaxes. Blockeel complementa esta análise cunha lista de edicións e traducións do libro, incluíndo as imaxes das cubertas. Por último, a investigadora salienta o predominio do humor e da solidariedade sobre o sentimento de tristura na narración.

O estudo “The Spanish Civil War in a Particular Fictionalised Story for the Francophone Youth”, realizado por Javier de Agustín Guijarro, ten como cerna a obra *Noces de larmes*, autoría de Gilles Fontaine. Tras analizar as intertextualidades presentes na narración, o investigador estuda detalladamente a novela, poñendo especial interese nos aspectos diexéticos e temitolóxicos, coa pretensión de salientar a interrelación entre a estrutura e a historia da obra.

O cuarto apartado, titulado “Between History and Fiction: *A Casa de Eulália*, by Manuel Tiago”, constitúe un estudo de José António Gomes, Ana Margarida Ramos e Sara Reis da Silva sobre a obra *A Casa de Eulália* de Manuel Tiago. Neste estudo, os investigadores presentan unha pormenorizada análise da novela, atendendo tanto aos trazos temáticos, ideolóxicos e estruturais da narración coma aos paratextos. Ademais, proporcionan unha completa análise das figuras femininas así coma dos personaxes colectivos e a súa intertextualidade. Por último, os especialistas ofrecen un conciso percorrido pola produción literaria de Manuel Tiago no marco da literatura neorrealista.

A continuación, baixo o epígrafe “Two Perspectives on the Spanish Civil War in Croatian Texts for Young Adults”, Sanja Lovrić ofrece unha análise da ideoloxía e a propaganda da Guerra Civil española na literatura infantil e xuvenil croata. Tras unha sucinta introdución sobre a situación política de Croacia durante o período correspondente ao conflito, a especialista centra o seu estudo nas obras *The Alcàzar of Toledo and Siget*, de Božidar Mažuranić, e *The Alcàzar Heroes*, de Rudolph Timmermans, salientando a construción de paralelismos entre España e Croacia.

No seguinte estudo, titulado “The Spanish Civil War in The English Literature for Children: A Case Study”, Ana María Pereira Rodríguez presenta unha das poucas obras en inglés que aborda a temática da Guerra Civil española: *Toro! Toro!* de Mopurgo. Despois dunha breve introdución arredor doutras obras que tratan este tema, Pereira afonda no estudo da novela proposta, atendendo ao contido, á estrutura, ás secuencias narrativas e ao ton testimonial. O artigo conclúe cunha explicación, completada con imaxes, sobre as referencias culturais españolas e a súa tradución para os nenos anglosaxóns, especialmente no referido ao toureo.

Nos dous seguintes apartados, Ana Margarida Ramos, José António García e Sara Reis da Silva, ofrecen, en primeiro lugar, o estudo dunha colección de novelas xuvenís portuguesas e, en segundo lugar, a análise do libro *Campos de Lágrimas* de José Jorge Letria. Baixo o epígrafe “The Narrative of Adventures and the Spanish Civil War: A Reading of *Os Imbatíveis en Salamanca* (1994) by Manuela Moniz Lopes and Cremilde Madaíl”, os especialistas presentan un completo estudo da estrutura e os personaxes da colección novelesca antes de afondar brevemente na análise do argumento de *Os Imbatíveis*

en *Salamanca*, un dos libros da serie que alude ao conflito. Por outra parte, no epígrafe titulado “Cross-Story(ies): Fictional Historiographical Construction in *Campos de Lágrimas* by José Jorge Letria”, estes investigadores ofrecen, tras unha concisa nota bibliográfica do autor, a análise detallada do argumento da narración no marco histórico correspondente, salientando a función educativa e pedagóxica da novela. Por último, destacan a construción híbrida do libro, mestura de historia e literatura.

O último apartado desta sección inclúe o estudo de Celia Vázquez García “References to Spanish Civil War in English Language Children’s Literature: *Tell the Moon to Come Out* by Joan Lindgard”. Baixo este epígrafe, Vázquez presenta unha breve introdución sobre o tratamento da Guerra Civil española nas obras inglesas e un sucinto achegamento á voz feminina nas obras da literatura infantil que abordan esta temática. A continuación, a especialista describe en poucas liñas algunhas das obras que abordan o conflito, antes de afondar na análise das novelas de *The Prime of Miss Brodie*, de Muriel Spark, e *Tell the Moon to Come Out*, de Joan Lingard, atendendo aos temas, aos espazos e á estrutura, para salientar as semellanzas entre o argumento e a realidade.

174

A terceira parte desta sección do volume inclúe o estudo centrado na ilustración, “Imagery in the Spanish Children’s Literature”, da autoría de María Jesús Agra Pardiñas e Carmen Franco Vázquez. O estudo iníciase cunha necesaria reflexión, por unha banda, sobre a influencia da traxedia na produción artística e, por outra, sobre a ilustración na literatura infantil, na que as especialistas subliñan a relevancia da escolla do ambiente e da estética. A continuación, Agra e Franco examinan as diferentes obras da literatura ibérica, incluíndo imaxes de cubertas e paratextos. Por último, as investigadoras reúnen os procedementos de ilustración máis recorrentes, entre os que destacan a metáfora, os xogos visuais e a suxestión.

A presente colectánea de estudos conforma un mosaico sobre a Guerra Civil española na literatura infantil e xuvenil que abre perspectivas de investigación moi diversas. A distribución dos contidos nas distintas partes non é equilibrada, pois as dúas primeiras partes recollen unha ampla selección de propostas mentres que a terceira inclúe un único estudo e, ademais, combínanse en todos os casos análises profundas con breves achegamentos ás obras literarias seleccionadas. Non obstante, a variada escolla de enfoques e análises, centrados arredor dun autor, dunha obra ou dun período de tempo

significativo, dan idea da cabal importancia dos diferentes compoñentes e trazos característicos da produción literaria seleccionada, permitíndolle ao lector formar unha imprescindible visión de conxunto sobre as diferentes representacións da Guerra Civil española na literatura mundial.

Laura Blanco Casás

Centro Ramón Piñeiro para a
Investigación en Humanidades